

•••••

Tres sextinas de Marica Campo

MARGA ROMERO

Éa lectura a que me tira da indignación.

Indignante é que a igrexa saia á rúa contra unha lei de educación, que realmente, o que semella non poder defender é unha educación laica. Nos outras, as persoas que desexamos un estado laico, somos as grandes agredidas. Indignante é como se refiren a esta lei os representantes do PP no congreso e máis indignante aínda é como se refiren á vicepresidenta do congreso, sempre. Indignante é que tres anos despois do *Prestige*, fiquen claros, que nunca se lle van esixir contas ao goberno responsable desta catástrofe ecolóxica mundial, do seu mal goberno e da mentira. Indignante é comprobar como o novo goberno herda do mal goberno anterior, entre outras cousas, débedas; descubrir un país empantado con proxectos faraónicos como a Cidade da Cultura, comprobar que o monte queimado é a imaxe dun país calcinado desde a sanidade á educación. E, por se fose pouco, entre as imaxes que me chegan está a detención de dez mozos, o seu traslado a Madrid é algo que só vexo como secuestro. Só é entón cando a túa poesía Marica, estas tres sextinas, que veñen no último *Grial*, me conmoven e me dan moitas respostas sobre a creación, a aprendizaxe e a erótica. É certo: "buscar outro mundo faite libre". E el será que iso é o que pretendemos facer "buscar no papel a unha outra que non vive"? El será que o de non botar man do espello afástanos aínda máis da madrastra de Branca de Neve? Non sei, Marica, se darlle as grazas a C. P. Martínez Pereiro por alentarte a escribir coa túa mestría métrica as sextinas que a literatura galega non tiña. Ben, agradézollo, mais, a ti máis por devolverme a calma dunha tarde outoniza de temperatura baixa e permitirme reflectir unha vez máis sobre o papel da escrita e esa soidade á que nos convoca. Agardemos agora que o día 25 de novembro o patrimonio inmaterial galego e portugués sexa o que xa é patrimonio da humanidade. Volverei pensar en ti e nas túas letras e en Mini e en Mero e a súa música. ♦

•••••

Primeiro aniversario do *Convivio da Fala Estremeira* en Agolada

A primeira vez

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR

A M^a Victoria Moreno Márquez

Unha semana de espera nas aces do soño, "esa si que é muiñada", para que o Patrimonio inmaterial galego-portugués alcance o recoñecemento de Ben Universal que pode conceder a UNESCO.

O 14 de novembro do 2004 era un día de luz plena e frío na gándara de Agolada, centro de Galicia, marco do Primeiro Convivio da Fala Estremeira, o Galego vivo na Estramadura do norte, nas Portelas de Sanabria-Lubián, no Bierzo, na Asturias do Eo-Navia. A primeira vez xuntos para un fito histórico: darmos fe e obra dunha heranza de familia, de amor ao noso patrimonio, acaso o máis significativo, o máis cernal, o de máis fonduras compartidas. Aquí chegaban de mañá cedo os alcaldes e representacións de cultura dos tres concellos do Val do Ellas, ou do Val do Xálima (segundo se prefira o río da Serra de Gata ou a curota senlleira) na provincia de Cáceres; a alcaldesa de Lubián (Zamora) e o deputado Felipe Lubián, animador e alma do Galego nas Portelas; Héitor M. Silveiro Fernández, en representación do galego no Bierzo; e Carlos Xesús Varela Aenlle, pola conservación do galego no Eo-Navia (Asturias). Con eles, que ían ser a referencia da Homenaxe da Memoria, a Palabra e a Música, máis de tres centos de amigos, irmaus, que labran, soñan, recrean Galicia no diario das súas vidas: Arte, Literatura, Música, Ensaio, Ciencia, Comunicación... (o pequeno mundo para os máis pragmáticos do engulimento). Viñamos uns da via-



O delegado da Fala en Estramadura, Domingo Frades, recibiu o *Pendello de Honra* en Agolada na edición do 2004.

xe desde as catro augas desta casa central que é a antiga Gallacia; xa estaban outros na praza do Concello, ao carón da arquitectura de xogueite, tan chusca, tan de noso, tan de canteiros amadores, tan de Feira Única, tan soa, tan do íntimo: eran os Pendellos. Aínda son inertes, un ano despois; pero respiran (o pasado 21 de agosto era o segundo Encontro para o recoñecemento de Manuel Caamaño Suárez, profesor emérito da Escola de Arquitectura da Coruña, por toda a súa biografía e obra diversa).

Quero lembrar esta data de novembro como historia de Encontro dos Lugares que antes cito, a primeira vez na Terra das Orixes. Unha Asociación de Amigos que nace e vive para a

restauración deste patrimonio singular, xa único, polas tantas desfeitas, convocara a estarmos en presenza, máis e mellor, nesta recalada reivindicativa e ao tempo dar recado, ao mundo das desercións, que aquí hai agradecemento, respecto e orgullo polas maus e as bocas dos devanceiros do legado: obra e palabra feita, en ramo, con remate en orla sabía, para que o Tempo Fale e Recoñeza. Antropoloxía. Foi acaso unha das citas máis garridas dos últimos anos, por espontánea, por leal, por convocatoria isolada, fóra das esferas do poder mediático e político, que sempre se pronuncia en garda, a ver quen son, que fan, que pasa. E pasou a marabilla de noso: leducia e compromiso de nos ver aquí e

alá e aló e sempre, en calquera lugar de aviso que necesite un ombro, un canto, unha forza de esperanza, un chimplo de vida. Era o 14 de novembro 2004, en Agolada, mañá de frío e luz, a ceo aberto. Con Música popular dende as raíces (*Axóuxere* de Melide, *Bico* da Balouta, Raúl Galego, Banda municipal, *A Quenlla, Na virada*, de Cangas); Conto e Leria e Poesía e Narrativa na voz directa das amigas e amigos que sementan regos de versos, estivadas, nordeñas de risa, encanto e maxia (*in memoriam* Xela Arias, Luisa Villalta, Antón Tovar, Manuel María); Arte nas maus dos pintores e escultores das pervivencias; o testemuño de Francisco Fernández Rei e de Avelino Pousa Antelo, piares da memoria e dos afectos; a entrega en mau dese pan quente de forno que é o noso "Pendello de Honra" a Domingus Frades Gaspar, Delegado da Fala nos "Tres Lugaris" da Estramadura, coas grazas eternas.

Pasou un ano como pasa un día: axiña e ben andante, *presto, allegro*. Pero fica en firme, parafita, tesu, moito alá de nós. Está na gravura do amor, en permanencia, como na "pedra das albardas" do petroglifo de Axiaz, ou na resistencia do dolmen dos Muñíos, en Bidueiros (onde habita o Pepe de Fernandinho, labrego arqueólogo desta descuberta maior); e na contorna os Castros, ducias en vixía, a prol da resistencia e contra as furias dos expolios, cara aos ventos. E agora, na esperanza, a decisión da UNESCO, o 25, a dicirle si á porta aberta na Casa da Memoria, tan feliz, tan perto. ♦

Todos somos galegos

MARIANO RODRÍGUEZ

As veces vénme á memoria aquilo que se lle ocorre ao narrador proustiano de *A busca do tempo perdido* cando está a observar como vai a súa querida avoa de Ceca en Meca e de médico en médico, sabendo el perfectamente, como sabe, que vai moribunda, que lle chegou a hora que a todos nos ten que chegar un día ou outro. É xusto cando pensa "Meu deus, que soas están todas as persoas!"; é que a proximidade da morte allea, para non dicir nada da propia, faríache caer na conta, a pouco que o consideres, non exactamente do senlleiros que nos enfrontamos ao final, ese preludio do tremendamente sos que fican os mortos, como dicía aquilo do poeta, senón sobre todo do basicamente sos que vimos camiñando todo ao longo da nosa vida. O diálogo entre o "eu" e o "min mesmo" era interrompido con frecuencia, ben é verdade, pola intrusión molesta do estraño ou pola palabra ali-

viadora que nunca agradeceremos abondo do verdadeiro amigo. Pero que somos animais sociais, como quere a nosa tradición, só se cumpre nunha dimensión superficial, case episódica, porque necesitamos moitas cousas e os outros tamén as necesitan de nós, porque traballamos e falamos, trátase de seguir vivindo. O feito de que a taxa de suicidios se dispare sempre entre os retraídos ou os marxinaos afectivos non debe agachar outro tamén moi significativo, o de que somos persoas porque temos esa nosa soidade de fondo e irremediabile da que tantísimas veces nos gustaría saír fuxindo, que niso nos axudan tantos dispositivos socializadores que o mundo de hoxe pon á nosa disposición, case diríamos que obsesivamente. Habítanos esa negra sombra que poucas veces se vai por moito que saíamos a divertirnos.

Por iso sempre botamos de menos, sempre botamos en falla

isto ou aquilo ou o de máis aló, calquera cousa, real ou imaxinaria. Sempre desexamos algo que por suposto (xa) non temos. "Todos suspiran por algún ben perdido": a soidade vai coa saudade e a seña, polo visto, e á diferenza da agridoce nostálgica, sempre conterían algunha clase de esperanza de retorno. E son constitutivas do individuo adulto (o dos nenos semella moi diferente, polo menos na medida en que non nos lembramos ben, aínda que, ben pensado, o dos nenos ten que ser diferente porque polo contrario non tería sentido o da perda, que é esencial). Estar vivo é estrañar, simplemente, porque ocorre que se non estrañamos non nos sentimos, nos nos doe, non sentimos de verdade. Como dicía aquel, o que no fondo se quere é sufrir.

Claro que todos temos os nosos momentos de euforia, eses nos que imaxinamos reencontrar, por fin!, o que tanto botabamos de

menos, e entón somos felices, é coma se estivésemos completos ou algo parecido, como describi-lo! Pero quizais ao prezo de deixar de ser nós mesmos: a Namorada ou o Amigo, a Terra ou o mesmo Deus, todos imaxes do Grande Outro que se nos define é precisamente porque non o temos, e só nesa medida podemos tender deica El, ou sexa, "ser". Quen esquece as súas raíces perde a súa identidade, de acordo, pero o que non se teña distanciando medrando por cima delas ata mesmo perdelas de vista, tampouco non tería identidade ningunha.

Ata se podería dicir, imos pormos exaxerados coma se fóssemos filósofos, que posuír o Gran Outro, ser un con el, é dicir, "ser feliz como un tolo", é o que máis parecido ten con estar morto. Xa non se botan de menos, xa non se desexa, se isto é sequera pensable. De aí que nada nos asuste tanto, no fondo, como a felicidade. ♦